DESAFÍO JOVENS

MARATÓN CREATIVO

MULLER | RURAL | FUTURO

A Coruña
Albergue Marina Española

Lugo
Complexo Residencial Lug2

Pontevedra
Albergue As Sinas

Entrada
Venres 20 de novembro
a partir das 18:30

Saída
Domingo 22 de novembro
ás 16:30

SERVIZO BUS
desde diferentes partes
de Galicia





FORMA EQUIPO | APRENDE E EXPERIMENTA | CREA SOLUCIÓNS | DEIXA PEGADA

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

Interreg
España – Portugal

Cofinanciado por la Unión Europea
Cofinanciado pela União Europeia

DESAFÍOS JOVENS

Cámara Santiago de Compostela

ipdj INSTITUTO PORTUGUÊS DO DESPORTO E JUVENTUDE

fnaj Federação Nacional das Associações Juvenis

INSTITUTO DO EMPREGO E FORMAÇÃO PROFISSIONAL

Desafío Jovens é unha experiencia intensiva de **48 horas** na que traballaredes en equipo para crear solucións innovadoras a retos reais relacionados coas mulleres e o rural galego.

O voso desafío? Conseguir que as mulleres teñan máis oportunidades, visibilidade e protagonismo na transformación do rural.

48 horas. Un equipo. Un reto. Infinitas ideas!



Desafío Jovens · 48 horas para darlle ideas ao rural

Que cambiarías para que a mocidade teña máis oportunidades no rural?

Durante unha fin de semana, vas traballar en equipo para explorar un reto real, lanzar ideas e converter unha delas nun prototipo.

Podedes crear unha campaña contra os estereotipos, unha ferramenta dixital, un servizo ou mesmo unha idea de negocio. Ao final, cada equipo presentará a súa proposta.

As mozas levan a voz protagonista e toda a mocidade está convidada a participar.

Entre reto e reto, tamén haberá tempo para o deporte e a diversión.

48 horas. Un reto. Un equipo. Unha solución.



- **Visibilizar e empoderar á muller rural.** Poñer en valor o seu papel e identificar os retos e oportunidades aos que se enfronta.

- **Dar protagonismo á mocidade como motor dos cambios sociais.** Facer que mozos e mozas participen activamente na construción dunha sociedade máis igualitaria.

- **Crear solucións innovadoras para retos reais.** Empregar a creatividade para responder a necesidades concretas das mulleres e do territorio.

- **Xerar novas oportunidades para o rural galego.** Imaxinar un rural atractivo onde vivir, traballar, emprender e desenvolver novos proxectos.

- **Conectar 150 mozos e mozas de toda Galicia.** Crear unha comunidade que comparta experiencias, perspectivas e ideas desde tres sedes conectadas.

- **Transformar ideas en propostas con impacto real.** Pasar da reflexión á acción mediante solucións e prototipos que poidan ter continuidade.



OBXECTIVOS

- **Duración**: actividade que comeza o **venres ás 19:30** coa recepción e finaliza o **domingo ás 16:30** coa despedida.

- **Idades**: de 18 a 30 anos.

- **Aloxamento**: Albergue Xuvenil Marina Española (Sada-A Coruña), Albergue Xuvenil As Sinas (Vilanova de Arousa - Pontevedra), Complexo Residencial Lug2 (Lugo).

- **Actividade**: programación integral das 24 h con actividades creativas colaborativas, de tempo libre e deportivas.

- **Inscrición:** xuventude.xunta.es

- **Que traer:** roupa e calzado cómodos, a túa medicación se a tés, a túa documentación e se tes o **ordenador portátil** ou a **tablet**.



FICHA TÉCNICA

TEMÁTICA

Muller, rural e futuro

Que cambiarías para que as mulleres teñan máis oportunidades no rural galego? No Desafío Jovens, ti e o teu equipo partiredes dun problema real e converteredes unha idea nun prototipo que poida poñerse en práctica.

7 equipos, 7 subtemas

Cada equipo escollerá un destes temas como punto de partida:

- **Emprego e emprendemento**
- **Igualdade e conciliación**
- **Innovación e dixitalización**
- **Acceso a servizos**
- **Participación social**
- **Sustentabilidade**
- **Educación e formación**

Co teu equipo, investigaredes a quen afecta o problema e por que ocorre. Despois, definiredes o voso reto, propoñeredes distintas ideas e escolleredes a que mellor responda á necesidade. Ao final da fin de semana, presentaredes o voso prototipo e contaredes como podería funcionar no rural.

DESAFÍO JOVENS MARATÓN CREATIVO



DÍA 1

VENRES, 20 DE NOVEMBRO

19:30 - RECEPCIÓN - ACREDITACIÓN - ACOMODACIÓN

20:30 - CEA

21:30 - PRESENTACIÓN DA ACTIVIDADE - PRESENTACIÓN DA TEMÁTICA XERAL - PRESENTACIÓN DOS SUBTEMAS - CONFORMACIÓN DE EQUIPOS - CONEXIÓN EN LIÑA COAS DIFERENTES SÉS.

22:30 - OBRADOIRO DE DESEÑO CON REALIDADE VIRTUAL

*Comezaremos cunha benvida e unha dinámica para romper o xeo e coñecer o grupo. Logo presentaremos o reto da fin de semana, **Muller, rural e futuro**, e formaredes equipos de 4 ou 5 persoas. Cada equipo elixirá un mentor ou mentora e, con esa elección, descubrirá o subtema no que traballará durante a fin de semana.*

*Ás 22:30, poñerémonos mans á obra nun **obradoiro de realidade virtual** no que deseñaredes unha experiencia inmersiva para, por exemplo, dar a coñecer o patrimonio ou explorar a natureza do rural galego.*

DESAFÍO JOVENS MARATÓN CREATIVO



DÍA 2

SÁBADO, 21 DE NOVEMBRO - POLA MAÑÁ

8:30 - ALMORZO

9:00 - ACTIVA-T

9:30 - ROMPER O XEO: **Unha muller que inspira.**

10:00 - **DESCUBRIR**

12:30 - OBRADOIRO DE “REDES SOCIAIS E RURALIDADE”

13:30 - XANTAR

*Comezaremos a mañá movendo o corpo ao ritmo da música con **Activa-T**. Despois, unha muller convidada compartirá con vós a súa historia, os retos que atopou polo camiño e o que aprendeu deles. A súa experiencia dará paso a **Bright Mirror**, un xogo de cartas e taboleiro co que imaxinaredes como sería un rural con máis oportunidades para as mulleres. A partir desas ideas, na fase **Descubrir** do Dobre Diamante, investigaredes en equipo que barreiras atopan hoxe as mulleres no rural e que necesidades poderían dar pé ao voso reto. Antes do xantar está previsto un obradoiro de **Redes Sociais e Ruralidade**, aínda pendente de confirmación.*



DESAFÍO JOVENS MARATÓN CREATIVO

DÍA 2

SÁBADO, 21 DE NOVEMBRO - POLA TARDE

15:00 - ACTIVIDADE DE LECER

18:00 - **DEFINIR**

20:30 - CEA

21:30 - **DESENVOLVER**

23:00 - MENTES en XOGO

*Despois do xantar, iredes rotando entre dúas actividades. Está previsto un **obradoiro tecnolóxico**, e unha **actividade máis deportiva**. De volta ao reto, na fase **Definir** revisaredes o que descubrístedes pola mañá, escolleredes unha necesidade concreta das mulleres no rural e pensaredes nunha primeira solución. Despois da cea, na fase **Desenvolver**, daredes forma á idea e pensaredes como funcionaría na práctica. Antes de pechar o día, cada persoa deixará no **Muro de Pensamento** unha palabra que resuma o que viviu ou aprendeu. E, segundo como vaian os proxectos, remataremos con **Mentes en Xogo**, unha olimpíada de xogos de mesa para desconectar e botar unhas risas.*



DESAFÍO JOVENS MARATÓN CREATIVO

DÍA 3



DOMINGO, 22 DE NOVEMBRO - POLA TARDE

8:30 - ALMORZO

9:00 - ACTIVA-T

9:30 - **PROTOTIPAXE**

12:30 - PRESENTACIÓN, XURADO, PREMIOS E ENTREGA DE CERTIFICADOS


14:00 - XANTAR

16:30 - DESPEDIDA

*Despois do almorzo, poñeremos o corpo en marcha con **Activa-T** e volveremos ao reto para converter as vosas ideas en prototipos. Con ferramentas de deseño e fabricación dixital, poderedes probar como funciona a vosa solución e axustala antes de presentala. Cada equipo terá **4 minutos** para amosar o seu prototipo ante o xurado e contar a que necesidade responde e como podería mellorar a vida das mulleres no rural. Logo entregaremos os certificados de participación e anunciaremos os equipos gañadores do primeiro e do segundo premio, que recibirán un **agasallo electrónico**. Despois do xantar, pecharemos a fin de semana coa Dinámica do Ente, un momento para compartir o que levades da experiencia e despedirnos con agarimo.*

DESAFÍO JOVENS MARATÓN CREATIVO

RUTAS DE BUS



1 As Sinas

(1a Tomiño) · 1 Vigo · 2 Mondariz
3 Pazos de Borbén · 4 Fornelos de Montes
5 Ponte Caldelas · 6 Pontevedra–Caldas de Rei
7 Caldas de Reis · 8 As Sinas

2 Ourense

1 Verín · 2 Xinzo · 3 Allariz · 4 Ourense
(4a Ribadavia) · 5 Monforte de Lemos
6 Sarria · 7 Lugo

3 Compostela

1 Santiago de Compostela · 2 A Estrada
3 Lalín · 4 Chantada · 5 Melide
6 Palas de Rei · 7 Lugo

4 Coruña

1 Cee · 2 Vimianzo · 3 Santa Comba
4 A Laracha · 5 A Coruña · (5a Ferrol) · 6 Sada

5 Norte de Lugo

1 Viveiro · 2 Burela · 3 Foz · 4 Mondoñedo
5 A Pastoriza · 5a Vilalba · 6 Guitiriz · 7 Lugo

🚌 **Non te preocupes polo transporte! Encargámonos de todo. Consulta as cinco rutas no mapa e escolle a parada que mellor che veña.**

DESAFÍO JOVENS
MARATÓN CREATIVO

APÚNTATE EN:

www.xuventude.xunta.es